

INFORMACIÓN FINAL DA VIAXE A ANDORRA 2024

1. Documentación a levar o alumnado

Deben levar o DNI e a tarxeta sanitaria española. Comprobaremos que os teñen para subir ao autobús.

2. Horario de saída

A saída realizarase dende o IES. Deberán estar o **sábado 27, ás 23:30 h.** na Avda. de Rutis. A saída realizarase ás 23:55.

O alumnado deberá vir ceado da casa. Poderá levar comida para a viaxe e/ou o xantar do domingo, aínda que xa nos atoparemos en Andorra, e poderán xantar alí nalgún dos restaurantes existentes.

3. Horario de chegada

A volta será o **sábado 3, sobre as 09:00 da mañá.** Na web informarase da hora de chegada exacta.

4. Hotel definitivo e habitacións

Estaremos aloxados no Hotel Espel, con ceas en Caldea. Para a repartición de habitacións, trataremos de respectar, na medida do posible, as preferencias do alumnado.

5. Material recomendado (orientativo)

a. De esquí: luvas de esquí, cazadora impermeable, pantalóns impermeables, gafas de sol ou ventisca (nunca metálicas), crema solar (factor alto), protector labial con protección solar alta, calcetíns altos por enriba dos xemelgos (valen os de deporte), varias camisetas térmicas ou similares, roupa de abrigo (gorro, braga polar, pantys,...), algún forro polar ou similar.

O que pretendemos é formar 3 capas: camiseta térmica, forro polar e cazadora impermeable.

b. Aseo: utensilios básicos de aseo diario (cepillo e pasta de dentes), xabazón, colonia, bañador e toalla para Caldea,...

c. Paseo: levar roupa cómoda para o disfrute de Andorra, sen excederse (chandal, vaqueiros,...).

O calzado impermeable como botas de montaña ou similar, é perfecto. Poden levar tamén tenis pero en función da climatoloxía pódense humedecer.

d. Outro: unha mochila pequena, **bolsa de rafia grande** (das dos supermercados) para gardar as botas e o casco de esquí marcada co seu nome, coxín cervical e mantita (para a viaxe).

6. Acompañantes

O alumnado será acompañado por 4 profesores do IES Rego de Trabe.

7. Seguemento da viaxe

A través da web do IES Rego de Trabe, poderase seguir o discorrer da viaxe, con fotos e publicacións diarias, por parte do profesorado acompañante.

8. Teléfonos da viaxe

Daráselle ao alumnado unha tarxeta plastificada con todos os teléfonos de contacto necesarios (profesores, guías, hotel Espel, axencia de viaxes,...). Os teléfonos de contacto do centro son: +34659930426 e +34690986608 (só atendemos en Andorra mensaxes e chamadas de WhatsApp).

“Xa falta menos para que os seus fillos e fillas disfruten dunha actividade altamente enriquecedora, tanto no eido social como persoal, que seguro será inolvidable”.

IES RDT EN ANDORRA 2024